

Un paseo polas nubes

Muxicas,
ultimamente
ando nas
nubes



Xa vexo,
xa vexo



Falando de nubes

Sabes que cando unha nube nos parece unha ovella, ese tipo de nube non é o mesmo que a que nos lembra un océano con ondas? E sabías que non todas as nubes traen auga? Le as seguintes definicións e ponlle despois o seu nome a cada tipo de nube.




Os **cúmulos** parecen pequenas bólas brancas de algodón. Moitas veces teñen formas divertidas. É frecuente atopalas illadas en medio do ceo azul.

Os **cirros** son como plumas, e cando o ceo está despexado, adoitan ser as primeiras en aparecer. Se nos fixamos neles, podemos interpretar a forza e dirección dos ventos que están a grande altitude.

Os **estratos** forman unha capa baixa que cobre o ceo como se fosen unha manta: Teñen forma horizontal (ao revés que os cúmulos). Os estratos que se forman a rentes do chan teñen tamén outro nome: néboa.

Os **nimbos** forman unha capa gris, nubrada e húmida, e asociámoslos á chuvia ou á neve. Son aquelas que ocultan por completo o sol.



Nunca choveu que non escampara



Muxicas tenvos razón. O tempo en Galicia pode variar da chuvia ao sol. É posible que por este motivo na nosa lingua atopemos moitas expresións e ditos relacionados co clima. Vexamos se adiviñas que significan as seguintes expresións.

- 1 Chove sobre mollado
- 2 Están caendo farrapos
- 3 Afeita que corta
- 4 Está como o mel na ola
- 5 Ponse o gato na lumieira
- 6 Queima que pasma o sol
- 7 Chaparrada do ventre
- 8 Chove o mexo dun rato
- 9 Estase armando o trono
- 10 Cae pedrazo



O grande irmán

Para ter unha información precisa sobre o tempo que imos ter empréganse os satélites.

O 1 de abril de 1960 lanzouse ao espazo o Tiros 1, o primeiro satélite que realizou unha función de análise meteorolóxica.

No momento actual existen satélites meteorolóxicos situados nunha órbita xeoes-tacionaria por diferentes países: Estados Unidos, Rusia, Xapón, India, China. O satélite da Unión Europea é o coñecido Meteosat.

Os satélites xeoes-tacionarios denomínase así por estar situa-dos case a 36 mil quilómetros de altura sobre a liña do Ecuador, manténdose fixos sobre un punto do planeta durante as 24 horas do día.

Nesta posición teñen difi-cultade para captar a información sobre os polos da Terra, debido á súa curvatura; por este motivo empréganse tamén os denominados satélites polares.

Os satélites polares orbitan a Terra a unha altitude duns 850 quilómetros rodeándoa en xiros que pasan polos polos. Estes satélites pasan por riba de todos lugares da Terra e dan unha información moito máis precisa grazas á súa proximidade.

